

ALIMENTÁMONOS ... IGUAL?

Con esta actividade traballamos

A desigualdade mundial en materia de alimentos.
Cooperación e traballo en equipo.
Os ODS 1,2 e 12.

Durará

Unha sesión.

Necesitaremos

Lapis de cores, cinco por grupo (vermello, azul, amarelo, marrón e verde)
Fichas de traballo para os grupos.
Modelo de cadros de organización das comidas.
Fichas e imaxe do anexo

Ciclo: 2, 3

Consideracións previas

Dividir ao alumnado en grupos que representarán os países do mundo, agrupados segundo o Índice de Desenvolvemento Humano (IDH). Para facilitar esta división perante a variabilidade de alumnado de cada clase, propoñemos facelo de dúas maneiras diferentes, sempre tentando reflectir a porcentaxe de poboación dos grupos de países que reflicte a táboa 1:

- Dividir o alumnado en catro grupos, cun número de persoas en cada grupo proporcional á poboación das catro divisións do IDH. Columna cuarta da táboa 1.
- Facer 10 grupos nos que se divide o alumnado. O número de grupos é proporcional á poboación dos países nas catro divisións do IDH. Están reflectidos na columna de quinta da táboa 1.

Unha vez decidido o número de grupos en que se dividirá a clase, imprimir, se é posible en A3, o persoal de cadros para cada un.

Táboa 1

Clasificación IDH	Denominación na actividade	Número habitantes		Número de grupos
		en millóns	% poboación mundial	
Moi alto (66 países)	A	1.439	19%	2
Alto (52 países)	B	2.379	32%	3
Medio (36 países)	C	2.733	37%	4
Baixo (32 países)	D	926	12%	1

Os cadros que poden colorear os grupos representan a cantidade de alimentos dispoñibles para as persoas en cada un deses países. Os datos sobre a cantidade alimentos están sacados da información da FAO na súa web FAOSTAT. Todos son do 2019, os últimos dispoñibles. Aínda que o tema desta actividade son os alimentos, as diferenzas que se manifestan fálannos tamén de desigualdade na repartición, xeralmente motivada pola desigualdade na repartición das rendas.

Desenvolvemento

Repartir as fichas de traballo, procurando que os distintos grupos non saiban as cantidades de alimentos de que dispoñen os demais. Pedir que lean as instrucións en cada grupo. Comentar e aclarar para que todo o mundo entenda o que deben facer. Unha vez que estea todo claro, cada grupo realiza o seu traballo, procurando que se acorde en grupo como repartir os alimentos.

Unha vez que todos os grupos realizaron a súa ficha, recolleranse e colgaranse nun lugar visible.

Unha persoa de cada grupo explica os cadros de alimentos de que dispoñían e como os repartiron.

Hai que reflexionar

Ao rematar, reflexionar a partir de preguntas como estas:

- Que é o primeiro que chama a atención ao ver os cadros enchidos polos grupos?
- A algún dos grupos foille difícil distribuír os seus alimentos?, por que?
- Parécenos xusto a repartición de alimentos que se fixo?
- A que país ou a que continente creedes que pode representar o voso grupo?

Deixar que comenten, a continuación, explicar os países que representaban os distintos grupos que se fixeron na clase.

- Analizar como se distribúen os distintos tipos de alimentos nos diversos grupos de países. Que nos chama a atención sobre esta distribución?
- Pensades que algún dos grupos tiña alimentos dabondo? E a algún lle faltaban? Que vos suxire isto?
- Cal vos parece o grupo máis equilibrado?

Para pechar a reflexión, visualizar a imaxe "Cereal necesario para producir 1 Kg. de..."

- Erades conscientes da cantidade de cereais que se necesitan para alimentar o gando e producir un quilo de carne?
- Observando os cadros que enchestes: Sodes conscientes da cantidade de carne que consumimos nos países de desenvolvemento humano moi alto?

Fixádevos nas fichas que representan aos países de IDH Medio e Baixo, e no lugar que ocupan os cereais na súa alimentación. Xorden de aquí dúas reflexións:

- Sodes conscientes da cantidade de cereais que se poderían destinar á alimentación humana se non consumísemos tanta carne noutros grupos de países?
- Dada a importancia dos cereais na súa alimentación, Que creedes que pasaría en caso dunha subida mundial dos prezos deste tipo de alimentos?

GRUPO A

No modelo, debes corar, segundo a cor do tipo de alimento correspondente, os cadros dos que dispoñedes ao longo das distintas comidas do día.

Alimento	Cor	Número de cadros a corar
Cereais	Amarela	22
Froitas e hortalizas	Verde	31
Proteínas animais (Carne e ovos)	Vermella	15
Leite e lácteos	Marrón	26
Peixe	Azul	4

IMPORTANTE:

Debes colorear a totalidade dos cadros dos que dispoñedes, nin máis, nin menos. Olo! Un cadro vermello non equivale a unha peza de carne, nin un cadro verde a unha peza de froita, por exemplo. Non fagades a distribución das cores pensando dese xeito.

GRUPO B

No modelo, debes colorear, segundo a cor do tipo de alimento correspondente, os cadros dos que dispoñedes ao longo das distintas comidas do día.

Alimento	Cor	Número de cadros a corar
Cereais	Amarela	25
Froitas e hortalizas	Verde	35
Proteínas animais (Carne e ovos)	Vermella	10
Leite e lácteos	Marrón	13
Peixe	Azul	3

IMPORTANTE:

Debes corar a totalidade dos cadros dos que dispoñedes, nin máis, nin menos. Olo! Un cadro vermello non equivale a unha peza de carne, nin un cadro verde a unha peza de froita, por exemplo. Non fagades a distribución das cores pensando dese xeito.

GRUPO C

No modelo, debes corar, segundo a cor do tipo de alimento correspondente, os cadros dos que dispoñedes ao longo das distintas comidas do día.

Alimento	Cor	Número de cadros a corar
Cereais	Amarela	26
Froitas e hortalizas	Verde	25
Proteínas animais (Carne e ovos)	Vermella	5
Leite e lácteos	Marrón	6
Peixe	Azul	3

IMPORTANTE:

Debes colorear a totalidade dos cadros dos que dispoñedes, nin máis, nin menos. Ollo! Un cadro vermello non equivale a unha peza de carne, nin un cadro verde a unha peza de froita, por exemplo. Non fagades a distribución das cores pensando dese xeito.

GRUPO D


No modelo, debes corar, segundo a cor do tipo de alimento correspondente, os cadros dos que dispoñedes ao longo das distintas comidas do día.

Alimento	Cor	Número de cadros a corar
Cereais	Amarela	25
Froitas e hortalizas	Verde	16
Proteínas animais (Carne e ovos)	Vermella	3
Leite e lácteos	Marrón	4
Peixe	Azul	1

IMPORTANTE:

Debes colorear a totalidade dos cadros dos que dispoñedes, nin máis, nin menos. Ollo! Un cadro vermello non equivale a unha peza de carne, nin un cadro verde a unha peza de froita, por exemplo. Non fagades a distribución das cores pensando dese xeito.

MODELO de cadros de organización das comidas																			
Almorzo																			
Xantar																			
Comida																			
Merenda																			
Cea																			



MODELO de cadros de organización das comidas																			
Almorzo																			
Xantar																			
Comida																			
Merienda																			
Cea																			

CEREAL NECESARIO PARA PRODUCIR UN KILO DE:



Carne de vacún

16Kg



Carne de porco

6Kg



Carne de pavo

4Kg



Carne de polo

3Kg



Pan

0,75Kg

Fonte: Mapa da Fame FAO 2014